

 LAIOVENTO  
FORADESERIE

Carlos L. Bernárdez

# Novo diálogo

## Achegas á obra plástica de Castelao



## Carlos L. Bernárdez



Carlos López Bernárdez (Vigo, 1958) é historiador da arte e desenvolve o seu labor como ensaísta de temas artísticos e literarios e comisario de exposicións.

Entre os seus libros destacan *Breve historia da arte galega* (2005); *Maruja Mallo, a pintura da nova muller* (2010); *Do idilio á diáspora. Modernidade e compromiso na pintura galega de Castelao a Seoane* (2011); *Un pintor que sabía o que facía. Achegas á obra pictórica de Luís Seoane* (Laivento, 2016); *Identidade e universalidade. Lecturas de pintura galega* (Laivento, 2018) e *Fronte da arte. A arte galega no contexto europeo dos anos trinta* (Laivento, 2020); *Unha historia da arte galega* (Laivento, 2023) e *Bestiario en pedra* (Laivento, 2024), con Xosé Ramón Mariño Ferro.

Na actualidade desenvolve a crítica de arte no *Faro da Cultura* do *Faro de Vigo* e en *Sermos Galiza*, suplemento de *Nós Diario*.

## A arte de Castelao nos 75 anos do seu pasamento

Os 75 anos do pasamento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) en Buenos Aires levan a que Galiza dedique este ano a recordar a figura central para a política, literatura e arte galegas que representa o rianxeiro.

Desde a perspectiva das artes plásticas, é un bo momento para lembrar a súa transcendencia como creador da moderna arte galega, un proceso que se foi afirmando partindo dunha formación como caricaturista e dunha orixinalidade no tratamento dos temas de matriz galega.

Os seus debuxos representan con moita variedade as características físicas máis acentuadas do home galego, hai que ter en conta que Castelao sempre estivo preocupado por plasmar do xeito máis eficaz posíbel as cuestións que afectaban á ética ou aos problemas políticos da sociedade que lle tocou vivir, cunha forte carga solidaria: a inxustiza das leis, a emigración, o caciquismo ou a problemática nacional.

Castelao mostra unha capacidade senlleira para conseguir que o debuxo non sexa soamente un instrumento de denuncia, senón un instrumento de xustiza, definidor tamén no plano do social. Mais non debemos esquecer que estas preocupacións se elaboran por medio dunha coidada construción plástica, de forma que nos seus cadros e debuxos utiliza recursos especificamente visuais.

Neste pequeno volume queremos contribuír á análise da súa obra plástica con dous estudos: “Dar forma á diferenza. A obra plástica de Castelao até a Guerra Civil”, quere ser unha visión de conxunto sintética da creación artística de Castelao, e “Novo diálogo. Exilio e negritude na obra de Castelao”, pretende un achegamento á imaxe que proxecta a obra do rianxeiro sobre a xente de cor, nomeadamente nos seus coñecidos “Debuxos de negros”. O primeiro tivo como orixe un texto para un catálogo do Museo do Gravado de Artes, Ribeira en 2024, aínda que foi acrecentado e modificado; o segundo, inédito, ten como punto de partida un relatorio presentado no MARCO de Vigo o 14 de xaneiro de 2025 no cadro das “Xornadas Castelao grafista”.

No conxunto da súa obra, Castelao presenta a ligazón entre o mundo intelectual galeguista e o mundo popular, representados segundo o momento nas camadas populares galegas, nas figuras das vítimas da represión e dos loitadores antifascistas ou da poboación negra de América, vítima do racismo. Destas obras resultaba unha imaxe global da Galiza popular aldraxada, auténtica “martir” dun fascismo concibido, entre outras cousas, como freo ao proxecto de hexemonía política que o nacionalismo e o republicanismo de Castelao representaban. Un contexto e un legado que 75 anos despois debemos ter moi en conta para unha atinada comprensión -no político e no cultural- do noso pasado e do noso presente.



## Dar forma á diferenza. A obra plástica de Castelao até a guerra civil

A obra plástica de Castelao cómpre inserila na totalidade no proxecto cultural e político do rianxeiro, que comeza a tomar forma a mediados da década dos dez. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) foi, como é ben coñecido, figura chave do pensamento, a literatura, a política e a arte galegos. Con el a plástica galega de preguerra vai dar un paso decisivo na súa modernización. A súa obra como pintor, debuxante e gravador evoluciona, superando o inicial dominio da anécdota costumista e a influencia modernista, cara a un realismo social de influxo popular e expresionista. A súa preocupación polo popular debemos entendela afastada da visión distanciada, esteticista e burguesa de artistas da xeración rexionalista, como Sotomayor ou da maioría da pintura galega máis anecdótica, e ligada a unha vontade orientada a proxectar unha identificación plena co representado, coas xentes e a realidade galega en todas as súas facetas.

Porén, nunha primeira etapa, Castelao está de cheo mergullado nunha linguaxe de influxo modernista e anecdotismo costumista. Exemplos relevantes desta estética son os dous óleos intitulados *No faetón de Rianxo a Santiago* (1908, Colección de Arte Afundación) e un grupo de acuarelas da finais da primeira década do XX e inicios da segunda, obras ben características da primeira etapa de Castelao prenatalista. Por exemplo, en *Camiño da festa* (1908, Colección Galería Montenegro, Vigo) ou no tríptico *Unha festa na aldea* (1909, Colección privada, Ourense) domina a anécdota costumista e o influxo da planimetría modernista. Este tipo de acuarelas ilustraron os primeiros números da revista *Vida Gallega*, que aparece en Vigo en 1909 dirixida polo escritor Jaime Solá. *Camiño da festa*, en concreto, serviu como imaxe para a capa do primeiro número da revista en xaneiro de 1909.

Unha terceira, *Hay que casarse!* (1912, Museo de Pontevedra) é unha acuarela que presenta dous mozos aos que rifa un crego de figura humana rotunda, un sacerdote de fasquía popular. Todas estas obras son uns exemplos dos temas costumistas e folclorizantes galegos, tan cultivados por Castelao nos anos dez, e neles o pintor combina con grande estilización elementos modernizadores no uso da cor e na planimetría e un manifesto decorativismo. Neste sentido cómpre situar estas obras en relación cos numerosos traballos de ilustración gráfica que realiza neste tempo.

*Hache pesar* (1911, Museo de Pontevedra) é outro exemplo que ilustra, nun ton marcadamente humorístico, unha publicación. Os personaxes populares e as escenas chocalleiras, como esta en concreto, son típicas do traballo de ilus-



Castelao, *Camiño da festa* (1908, Colección Galería Montenegro, Vigo).

tración gráfica do primeiro Castelao, como xa sinalamos ao falarmos de *Vida Gallega*. Esta obra pertence, inequivocamente, ao mesmo mundo referencial.

Outro exemplo é a acuarela *El hidalgo Don Tirso de Guimarães* (1913, Colección Álvaro Gil), que está directamente ligada á ilustración da capa do libro do mesmo título publicado por Luis Antón del Olmet, ilustrado por Castelao en 1915. O tema, presente en abondosas obras literarias e artísticas galegas destes anos, é o da decadencia da fidalguía, patente na pintura de Xesús Corredoyra, ou Castelao e na literatura de Valle-Inclán, Otero Pedrayo ou o propio Castelao. Nesta obra é explícito este mundo ao aparecer o vello fidalgo en primeiro plano e o pazo escanastrado ao fondo.

Estamos perante un Castelao moi achegado ao simbolismo e en sintonía coa pintura de Xesús Corredoyra que retrata o rianxeiro en 1909 nun interesantísimo óleo: *Retrato de Castelao* (Colección particular), onde Corredoyra amosa a intensa relación que manteñen retratista e retratado desde 1907, e que continuará até finais da seguinte década. Ambos comparten durante estes anos unha visión basicamente simbolista, que conxuga a comunión entre espírito e natureza. Para os dous Valle-Inclán é un referente<sup>1</sup> e un influxo na súa arte. Na dedicatoria ao retrato “*A Castelao este exvoto, que florezca*”, Corredoyra preséntao mostrando a común e sacral reverencia polo escritor e cunha vontade de fonte de inspiración. O retrato representa o rianxeiro na súa época moza, con aspecto triste, corporeidade pálida e alongada figura, termando dun debuxo que reproduce a face de Valle-Inclán, homenaxeando esta influencia literaria de raíz simbolista, completando o cadro cun fondo de paisaxe cunha fuxida a Exipto, tema que hai que entender desde o simbolismo como unha referencia á incompreensión social a respecto do individuo singular, asociado aos protagonistas do cadro.

Directamente inspirado neste ambiente Castelao realiza o *Ecce Homo. Vera Efigie de don Ramón María del Valle Inclán* (ca. 1909, Colección Mosteiro de Poio) onde reproduce a face de Valle-Inclán, homenaxeando a influencia literaria de raíz simbolista que exerce o escritor sobre o artista nos anos finais da primeira década do século XX. Presenta a Valle como un *Ecce Homo*, vítima da incompreensión social mais tamén como unha representación iconográfica reverenciada.

A comezos dos anos dez, Castelao tamén toca temas que logo serán recorrentes na súa obra; *Emigrantes* (Colección Galería Montenegro, Vigo) é un bo exemplo. Con todo, neste traballo o tema é tratado con certo anecdotismo caricaturesco que irá dando paso a un tratamento máis marcadamente social en obras posteriores.

1 Vilanova, Fernando M., *A pintura galega (1850-1950)*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1998, p. 229.

Esta mudanza en Castelao, e o inicio da ruptura cos modelos rexionalistas, percíbese a partir de finais dos anos dez e vai facer del un autor decisivo no pensamento, na literatura, na política e na arte do noso país. A súa transcendencia como creador da moderna arte galega foi algo que xa apuntou a crítica contemporánea. En 1917 o destacado crítico español José Francés di que el, partindo dunha formación como caricaturista, “*empezó a crear la verdadera pintura gallega moderna*”<sup>2</sup>, a mesma idea é repetida por Alejandro Barreiro no seu libro *Del arte gallego* (1918), acrecentando que o rianxeiro coa súa orixinalidade e predilección polos temas do país, “*que espiritualizó y caracterizó en centenares de dibujos y de aguadas, marcó la senda y orientó a muchos pintores de la actual generación*”<sup>3</sup>.

A obra de Castelao salienta pola captación psicolóxica do home galego, do mundo cotián, e pola súa inquietude polos problemas das camadas populares coas que sente unha identificación que é froito dun achegamento e comprensión dunha intensa fondura, un entendemento, ao mesmo tempo intelectual, político e afectivo. Mais estas preocupacións son elaboradas por medio dunha coidada construción plástica, de forma que nos seus cadros, debuxos e gravados utiliza recursos especificamente visuais. Neste sentido, lembraba Luís Seoane que Castelao vía, como quería Goethe, a “*idea cos ollos*”<sup>4</sup>.

Arte popular, ecos modernistas e expresionistas son algunhas das constantes do seu labor, que se poden enxergar nos seus debuxos do álbum *Nós* (1916) e nas series de viñetas de xornais. A recepción do expresionismo de corte centroeuropeo percíbese nos seus debuxos do *Diario 1921* e nos seus gravados dos anos seguintes, sen que desapareza a hexemonía da liña e o tratamento de superficies de influxo modernista e referentes simbolistas.

Neste proceso de construción formal e de madurez temática, Castelao evoluciona, superando o inicial costumismo e a influencia simbolista e modernista, cara a un realismo social de cerna popular e expresionista. Hai que pór a súa traxectoria en relación coa mudanza de preocupacións estéticas e políticas do rianxeiro desde mediados da década dos dez –no momento da súa ligazón ao nacionalismo galego das Irmandades da Fala-, un vieiro que vai ir acentuando nos anos que van desde 1920 até 1936, un dos momentos máis intensos da súa creatividade.

---

2 Francés, José, “Un gran dibujante gallego”, en *Castelao 1886-1950*, Madrid, Ministerio de Cultura, 1986, p. 58.

3 Barreiro, Alejandro, “Castelao y el arte gallego”, en *Castelao 1886-1950*, Madrid, Ministerio de Cultura, p. 60.

4 Seoane, Luís, *Castelao artista*, Alborada, Buenos Aires, 1969, p.10.

## ÍNDICE

Limiar .....	7
Dar forma á diferenza. A obra plástica de Castelao até a Guerra Civil.....	9
“Novo diálogo”. Exilio e negritude na obra de Castelao .....	27
Apéndice de imaxes .....	45